
Núm. 73
Tomo "."
nós

NÓS.

BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Adeministrador
ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:
Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:
Real, 36 1.°—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce númaros, na Península	6'00 *pesetas.*
Fora da Península	8'00 »
Númaro solto	0'70 »

NOTA

Este boletín non pubricará mais orixinais qu'os que foran direitamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Noite, POR E. BLANCO AMOR.
Encol da prosa galega, POR A. LOUSADA DIÉGUEZ †.
Duas lêndas, POR CASTELAO.
Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos as verbas, POL-A REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES. DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Santo Domingo, 47-2.° Ourense

Nós

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XII ★ Ourense 15 de Xaneiro do 1930 ★ Núm. 73

N O I T E

Abellas mouras da noite
zugan mel na frol da lua.
—Abellas meus labios son
pr'as froles da carne túa.—

No aceso lagar da noite
ferve d'ensonos o viño.
—Cóidame este amor borracho
que nos teus brazos aniño—

Mazaira de prata a noite
esfollatando luceiros.
—Cosechan maduros bicos
nosos labios seitureiros.—

Arden no xardín da noite
roseiras brancas d'estrelas.
—Arden na tua boca rosas
i-eu quero queimarme n'elas—

Na ría moura da noite
anclada a barca da lua.
—I-o meu amor navegante
anclada na carne túa.—

E. BLANCO AMOR

Buenos Aires, Santiago, 1929.

ENCOL DA PROSA GALEGA

por A. LOUSADA DIÉGUEZ

Antr'os inéditos do noso inesquecente compañeiro atopamos isto, que fora lido por il no Seminario d'Estudos Galegos e que, tento por recoller todol-os seus traballos canto pol-o grande valor intrinseco qu'iste ten dende moitos puntos de vista, damos hoxe aos nosos leitores. Lousada Diéguez fixo iste traballo preocupado pol-o probrema da formación en idioma galego, da linguaxe filosófica, e costitue pra elo unha boa aportazón.

Este traballo ten de escomenzare por unha espricación do traballo mesmo. O eixo d-esto qu-hoxe presento con todo agarimo ô Seminario d-Estudos galegos é un eixemplo, y-o eixemplo é unha tradución d-un escrito que ningunha cousa ten de preto con Galiza e co-as cousas galegas. Emporeso, abofellas coido, que pode acaer moi ben co-a finalidade d-esta moza, galeguísima e varil Sociedade. Direivos prôme de que.

Xa é sabido qu-a língua galega tan froitosa n-a sûa literatura cancioneira, ten sido pouco traballada n-a prosa. Ainda facendo conta d-os escritos qu-en prosa galega téñense feito dende o século XIII ô cair do XV, traduciós os mais d-eles coma os anacos atopados das Partidas do Rey Sábeo, de Crónicas, da Leyenda aurea e demais (1) e sendo outras mostras, testamentos, contratos, regras de Cofradías e Congregaciós, o certo é qu-a prosa galega non tiña unha valuación quente de pensamento orixinal co-a emotividade percisa pra lle dar pulo a unha fala enriquecendo-a con parolas e xiros, ata chegar a ser tamen dona dos termos técnicos que de cote andan na comunidade científica universal.

Non sei se serei moi afouto ô dicir que se ten escrito en prosa galega mais n-o pouco que vai de século qu-en toda â vida d-a nosa fala (1). Lembrarvos da rivista «A Nosa Terra», do novo teatro en prosa tan xurdio c-o mestre Cotarelo, d-as pubricaciós de «Céltiga», das novelas, y-a mais da rivista NÓS, onde tanto e tan ben se traballou.

Non hai quen non seipa qu-a parola musicale, a literatura cancioneira vai sempre camiño adiante da prosa, e que esta da por feito un longo traballo da língua y-é eispresión d-unha cultura. Escadasí a fala galega dempois da sûa vida poética e do lume cultural do século XII debería ter unha axeitada prosa enxebre. Deixo ese estudo pr-os esbigoadores da historia da literatura galega. O conto é qu hoxe síntese un valeiro qu-é perciso encher.

Si é verdade a probeza da nosa fala no terreo centifico non se pode dicir qu-ela teña un orixe n-a probeza do pensamento. O pensamento ten moitas manifestaciós, todas ou-

(1) Véxase antr-ontras as novas que da o P. Atanasio López n-a páxina 30 dos seus Estudios crítico-históricos de Galicia.

(1) Non se pode esquecer A Tecedeira de Bonaval do inmorrente López Ferreiro, novela-guía de prosa galega pubricada nos fís do século que pasou.

tas e d-un valor humán. O pensamento galego tense crarexado con toda-forza en manifestaciós artístecas, pois non somentes a filosofía y-a cencia son concepciós do mundo e da vida, que tamén o son o arte dos escollidos y o arte do pobo.

O desenrolo da cencia e da Filosofía é fillo de moitas circunstancias alleas que collen millor a uns pobos qu a outros e determiñan n-eles un pensamento y-un xeito de traballo. Non foron moi amorosas esas circunstanceas pr-o pobo galego. Na Edade Medea foron os conventos, foi Roma, foi o infruxo dos seguidores árabes d Aristóteles, as escolas y-as Universidades os que deron movimento e intrés ás especulaciós centificas, e foi o latín ata moi medeada a Edade nova o istrumento língua de que se valía a cultura. Xeográficamente Galiza estaba leixada, y-económicamente era un asento cativo, pra unha actividade —qu-anque somelle paradoxa— supon requezas a cito.

Por moito qu-un pobo s-afeizoe a unha cultura, si esta ha ser traballada n-unha fala allea seguindo os usos do tempo, como no caso do latín non é dificile decatarse do retraso qu-ha levar o desenvolvemento da fala propea. Viñeron logo pr-a língua galega tempos de contrariedade no asoballamento que impuxo o castelán c-o poder politeco, e co-a fuxida dos poderosos galegos aguillados pol-os praceres da cortesanía en derredor dos Reises. Dend-entón acobexouse a nosa fala n-a homildanza das aldeas e dos probiños coma cousa cativa e de mal criados. Con todo, os groriosos Feijóo e Sarmiento souperon ver toda a forza de vitalidade que latexaba n-aquela fala esmorecida e no pobo dormiñento. Si aqueles dous grandes homes non viviran baixo o alentar do ermo universalismo do século XVIII, teríamos hoxe ben acimentada de novo a prosa galega.

E xa estamos postos de cara ô probrema da vitalidade das língoas y o valor da súa diversidade diante do universalismo da cultura. Todos sabemos qu-é un fondo degaro de moitos homes o chegar á unidade da fala n-o mundo, e qu-a cencia camiña a esa unidade c-o linguaxe matemático e c-o empreg das parolas técnicas, as mesmas pra todal-as falas. ¿A que ven logo, diráse, o esforzo pra avivecer, y-anovar n-unha fala amortecida?.

Dous erros fundamentaes, coido eu qu-hai n-a teoría universalista. O pirmeiro e tel-ô linguaxe por un istrumento pra nos entender millor uns homes c-os outros, y-o derradeiro erro é apuar a importanza das falas no vocabulario, é decir nas parolas mesmas.

Unha língua é diante nada un istrumento pra a-ación, é unha eispresión do pensamento c-unha finalidade, y-esto non do pensamento ispido senon cheo de sentimento, como n-unha resposta afectiva ás chamadas do mundo esterior ou da concencia propia. Dous homes poden falar n-a mesma língua e non s-entender o un c-o outro n-os seus pensamentos, mais as súas parolas decote servirán pra que s-entendan en col d-os feitos e das cousas. Ningunha idea xunta ós homes tanto como a igualdade de sentimentos.

As parolas de por sí non fan tanto unha língua —y-esto é ben craro— coma os xiros, as voltas, revoltas, froleos e misturas das parolas mesmas e dende logo a pronunciación, o xeito da fala, qu-é a ánima y-o arrecendor da língua. Pol-o mesmo hay y-haberá linguas mortas e linguas vivas.

E dempois d-esquirbir o que vai dito, n-un descanso leo periódicos e doume conta de que pra moitos espritos valeiros de sentimento, a realidade non ten sinificado en ningures, e somentes lles fan latexar, as parolas vacías, as ideas mortas, que nada din ô curazón, brétemas qu-amortaxan o porvir.

Ninguén pode dubidar qu-a cencia é universale, y-é mais que probabel a unidade da cultura humán como un desexo, y-o longo com-un feito. Mais isto nada di pra que non se traballe a cencia e se faga cultura con istrumentos humans, como son as linguas, que non serían humans senon tiveran a variedade das manifestaciós da psicoloxía do home, c-o seu difrente xeito de reacionar diante do medeo, tral-as lembranzas y-alumeado pol-os degaros.

Un ideal é tanto mais ample, pra nós homes, canta mais quentura d-humanidade teña, quentura que da un sentimento, pois un ideal non é a idea-esquema, é a idea

viva, enfeitizada pol-a emoción. Eisí pode ser un ideal pequeno a idea de fraternidade e pode ser un ideal mais grande c-o mundo o lle dar un bico a un vello podre que prega unha esmola. Os ideaes non teñen medición, ou ideaes de forza viva ou son ideaes mortos.

Anovar a língua galega será consecuenza d-unha necesidade si esta necesidade ten a súa nacencia n-un degaro de verdade, de ben, e de beleza, n-un degaro que mova o espríto car-o esforzo y-o sacrifizo levandoo si é posibel a unha renacencia, que si é unha creación será a millor mostra do froito do sacrifizo.

Como Pascal a xuventude galega d-hoxe pode dicir ôs homes d-esprito doente: Non nos perguntedes pol-as novas razós. Non hay razós frías pr-o sentimento, as labaradas do curazón teñen as súas razós tamén, mais van alcendidas por un fogo qu-has leva tan de presa que non da tempo a un parrafeo, pois todo lle cumpre pra a-ación.

Canta cativeza leva en si a codia do pensar! Hai moita xente que non se decata que se pode remedar o pensamento con parolas y-estar âs portas do esprito fora do seu agarimo.

Namentras os aires da Nosa Terra nos trayan n-o seu zoar unha armonía c-o falar dos homes que sementan o pan e recollen o sangue da terra. Namentras as lembranzas das nosas nais teñan -o queixume do falar galego, namentras as vountades sintan o forte desexo dun mais alá, non se pode dubidar da necesidade da renacencia galega.

Deixei de ler os periódicos, e sigo camiño adiante.

Fai pouco tempo, escribía Vicente Risco —un dos bós— sobre da superioridade das línguas virxes en comparanza das línguas traballadas. Mais esto somentes é comprensibel pra aqueles que se decaten do que hay de feitizo, de enerxía emocional acobexada nas falas do pobo. Y-eu quero que lembredes eiquí o «Elogi de la paraula» do grande Johan Maragall.

Tamén se ve eisí a dificultade do traballo escrito na prosa onde pra avivecer a parola falla a musicalidade do verso y-é perciso azoroñar por antr-a fala pra fuxir de todo o qu-está ermo e buído. Mais toda a dificultade do traballar unha fala, un escrito, vese ben pagado pol-o que ten de creación, de rexurdimento do esprito que s-acogula de enerxía humán, pra espallar axiña os froitos ben madurados do pensamento ou com-as polas ben cheas de sangue do albre bicados pol-o sol da primaveira comenzan â agromar.

A prosa galega é certo que tropeza moitas veces co-a cativeza do seu vocabulario. I-esto é ainda tendo un tesouro n-as nosas mans e ben preto de nós. Témol-o tesouro do pobo que non s-aproveita canto debíamos.

O feito indiscutibel eo qu-a fala galega é enxebremente labrega, y-as mais das parolas nosas son de labranza e de todo o que n-as aldeas hai, e n-os eidos, n-as touzas, n-as fragas ou n-os montes. Mais esto é un feito n-a historia de todal-as falas. As parolas desenvolvense e collen sinificados novos de moitas maneiras. Na sua nacencia as mais das raíces de parolas tiñan unha sinificación *abstrata* (1) o latin avis, castelán ave e grego OLOYOS queren decir, algunha cousa que voa e como este centos de eixempros. Foi despois cando adequiriron os termos a sinificación *concreta* d-hoxe. Pro donde collen as parolas a sua mais grande riqueza é n-as metáforas. A calquer parola por ben labrega e ben enxebre qu-ela sexa podeselle dar un outo sinificado e levala d-aldea â cidade, d-unha corredoira â bioloxía, d-unha ruada â filosofía. O termo *inzar* qu-os labregos empregan pra sinificar com-as raíces de certos albres s-estenden a eito e todo axiña, ou como certas herbas s-espallan n-un terreo, é unha parola que tamén pode siuificar o espallamento d-unha idea. E como en castelán se fala do *campo* ou terreno d-unha cencia podemos decir en galego o terreo da Física ou do Analisis. Coido que non cumpla amorear mais eixempros, y-este termo *amorear* eixempros é un eixempro mais.

Son moitas as persoas, sinxeliñas dos miolos, com-os picariños, pra non lles cha-

(1) Max Müller: The Scienct of thought - Londres, 1887, cap. VIII - Referencia ô est..do lóxico do linguaxe y-as teorías do Max Müller en Mercier: Logique: Chap. II, 53.

mar parvas, que xuzgan da nobreza e da crianza da nova fala pol-as parolas aldeans qu-emprega e pol-os labregos qu-a sosteñen Coma si todol-os días esas xentes *bien* non puxeran n os seus beizos malas parolas moitas veces de orixen non tan limpo, nin tan humán com as parolas que cheiran a xesta y-o vento mareiro. I-abonda de labercadas.

A fala galega ten dereito como todal as língoas a facer colleita n-o lenguaxe técnico fillo o mais d'él das língoas crásicas adoando as parolas ô seu mesmo xeito. Ningunha fala se chama probe por facer tal achego.

Onde s ergue a mais grande dificultade é ô decatarnos de que moitos levados por unha costume y unha infruenza pol-o d-agora inevitabel remoen o seu pensamento con verbas casteláns qu-os libros y o insiño sementaron y afondaron, y-ata a feitura do falar leixase pouco a pouco do aire galego. Todos temos visto como s-enfouza a prosa galega empregando a eito o verbo haber en tempos compostos d-un xeito que non ademite a gramática galega. E moitas veces fanno os que falando en castelán, empregan as formas galegas, cando n os mesmos defeutos do seu falar castelán teñen unha boa guía.

De conseguinte ningunha cousa millor pra avivecer a nosa feiticcira fala que o estudo da fala labrega, y o estudo da gramática galega. I os que remexen n a historia de Galiza poden dar o mais grande amparo ô rexurdimento da língoa, traballando n-o vocabulario da prosa galega da Edade Medea fonte e deloiro ô mesmo tempo da nosa literatura.

Facer traduciós ô galego de cousas qu-o merezan coido qu-é tamén abranguer requezas e domear a fala adoandoa â diversidade dos pensamentos e d-as cuestiós mais alleas.

O eixempro qu-agora vos poño diante é unha tradución ô galego d un artigo de críteca filosófica. Non é a primeira vés qu-o galego achégase os eidos da Filosofía e da cencia. Johan Viqueira, meu colega do Istituto da Cruña co-a forte cultura ten traballado n-ese camiño. Meu outro colega que foi do Istituto d-Ousense Johan Aznar fixo sair en *Nós* a sua tradución do tratado Quod nihil scitur do filósofo de Tuy Francisco Sánchez c-un estudo fermoso en col do autor. Tamén nos artigos do Castelao—non fan falla as loubanzas—sobr'o arte novo atopanse traduciós d-anacos de Pla.ón e d-estéticos d-hoxe. Cuasementes non hai n-a dita revista *Nós* artigos do benemérito Risco en qu-a língua galega non s-estenda por novos y-outos terreos. I-eisí Otero Pedrayo, y o Cuevillas n-a Historea, y-outros que fan alumear â espranza.

O escrito que vos dou é tirado da Revista da Filosofía neo-scolastica de Milano e n-el o mestre Proff Lodovico Necchi baixo os nomes de Spazio e tempo fai unha ben intresante ollada das teorias do Einstein, que ganaron en fondo intrés dende qu os periodistas deixaron en acougo o grande centifico alemán.

E S P A Z O E T E M P O

Ehí temos un eido n-o que se traballou a mais fonda revolta. Pol-as especulaciós philosóficas dende Descartes a Kant e de Kant ôs nosos días, e baixo o infruxo do esbigoar fisiolóxico e psicolóxico, o probrema do espazo e do tempo collera unha cara ben determiñada e ben coñecida pr-os estudosos. De sûpeto interven un feito novo de fondamentale importanza. Pol os traballos dos físicos e dos matemáticos Fitz Gerald, Loventz, Minkowki, e por riba de todo do Alberte Einstein, os termos da custión foron trocados, y-a matinadura foi levada do tarreo speculativo e físico-fisiolóxico ás rexiós outas e ben difices da matemática superiore. É ben fácile decatarse d-este mudamento, ô camiñar pol a mais nova philosofía. Esquecense agora, ou topan pequena acolleita as loitas antr-os seguidores y-os negadores das concrusións da Estética tras-

cendentale kantian; y-ainda de rifa de cote antr-os nativistas y-os empiristas en col do orixen das representaciós espaciaes e temporaes non aparescen mais que poucas marcas: o intrés dos estudosos volven todo car-as teorías einstenianas.

Non é iste o logar d-espor as tales teorías —cousa ben longa e difice»... «A custión que nos intresa diante da teoría da relatividade é a que mira ás suas relaciós co-a philosofía—Teñen as novas do Einstein que tan profondamente firen as ideias das mais das xentes sob-o espazo y-o tempo un valore philosófico? Ou debense ter por valeiras astraucións matemáticas sen ningunha relación co-a realidade? Os pareceres dos estudosos ainda están enfouzados: as tesis mais alleas, sosteñense co-a mesma forza, y-ende por iso non é fácile o arranxo. Parécenos qu-o probrema ten de sere posto distinguindo diantes nada as posicións das difrentes direciós philosóficas.

Pr-os idealistas Einstein persenta un xurdio tropezo. D unha banda co-a relativización dos concetos de tempo, e d-espazo, feito con datos enxebremente centificos, parécelles que recollen novos materiaes pr'a críteca radical e da cencia qu-o idealismo promove e fai sua. Mais pol-a outra banda com-esquecer qu-a teoría da relatividade, percisamente porqu-arrinca dos feitos esperimentaes, a esperencia de Fizeau, de Michelson e Morley, de Maiorana, non pode fuxir da valoración qu-o idealismo fai, diante os métodos y-a esperencia centificos? Os idealistas tópanse ô cabo cara iste chamante dilema: ou acoller e valorizare philosóficamente as esperencias devanditas, en conta as secuenzas que d-ilas foron tiradas y entón vai de seu ô esquecemento da críteca da cencia e dos métodos esperimentaes—ou negare todo valor â aquilas esperencias, facendo forza n-a ollada idealista sobre da cencia e da esperencia centífica en xeral, e n-iste caso é perciso conformarse a ver esfumegarse a autoridade qu-a teoría einstenian somellaba traguer pra unha conceción relativista do universo, e logo indiretamente do idealismo.

Pol-o dito non é milagre que n-a valoración da teoría einstenian os idealistas tópense antr-eles desviados e devididos. Namentres o Bonucci (1) o Caor (2) e n-o seu propeo aviscar o Alliotta saúdan n-a teoría da relatividade unha feiticeira confirmación das teorías idealistas que ven do tarreo da cencia por todo tempo traballado pol-o asolutismo, Ugo Spirito (3) estránase moito d-iste afervoamento que xuzga adiantado e sinxelo, advirtindo ós colegas teñan ollo pois «a cencia interprétase idealisticamente somentes canto que se nega». Nós facendo astración d-ista premisa idealista, non podemos decir que vai mal o Spirito cando asegura, que n-a teoría do Einstein somentes a codia é relativista, sendo o cerne craramente realista. I-é o feito, pois o contino espazo-tempo do Minkowski, os campos gravitacionaes, as dés ecuaciós do Einstein, queren verdadeiramente repersentar a realidade como é, a unha veira do embercello que nasce da maneira como a realidade aparesce pra nós. A teoría da relatividade é somentes n-a aparenza unha teoría relativista; ela verdadeiramente está car-ô asoluto. Certamente podemos collèr as parolas d-un autor o Alliota—qu-ainda s-erforza en tirar da teoría mesma consecuenzas d un verdadeiro senso relativista. «O postulado realista está pois verdadeiramente no fondo do pensamento do Einstein porque a sua teoría pretende donar unha formulación das leis do mundo en si mesmo. Ningún cicais ollou ô asoluto mais de cote qu-o teórico da relatividade no seu esforzo pra libertar a nosa visión do mundo de todo o que n-ela está engarrado â nosa perspetiva humán». (4)

Mais si é abrouxante a posición do idealismo diante do Einstein, tamén é pouco leda a da teoría kantián da idealidade trascendentale do tempo e do espazo—o espazo y-o tempo kantian «son relativos e asolutos

(1) A. Bonucci: La teoria di Einstein nel suo significato idealistico - Rivista trimestrali di studi filosofici e religiosi. 3.° trim. 1920.

(2) Caor: The general principe of relativity in its philosophiche and historical aspect. London, 1920.

(3) Ugo Spirito: Le interpretazioni idealistiche delle teorie di Einstein. Giornale critico della filosofia italiana-Giugno 1921.

(4) Antonio Alliotta: La teoria di Einstein e le mutavoli prospettive del mondo - 1922.

á unha. Relativos no que penduran da nosa feitura mentale; asolutos no que son formas a priori das nosas sensaciós. N-este senso o espazo (euclídeo) e o tempo eiquí deron unha volta pra sempre (1). Agora Einstein co-as suas terribels fórmulas matemáticas escorrenta istas formas a priori: o espazo y-o tempo veñen relativos pr'o aviscador seu, relativos ô punto de referimento. O qu alí hay d-asoluto é un deseguido espazo-tempo que non acertamos a nos representar e que de ningún xeito pode ser unha forma a priori das nosas sensaciós.

Queda agora por ver cal ha ser o xuizo en col da teoría da relatividade dos que defendemos un dexergar realista do mundo. Non hay mais que pensar no valore qu-as nosas repersentaciós espaciaes e temporaes teñen n-unha semellante ollada, pra se decatar do que intresa asentar as relaciós da nosa teoría c-os vellos e comúns concetos. Pra non nos enganar temos que decrarar axiña qu-a relativización dos concetos d-espazo e tempo n-a teoría d-Einstein é feita ela toda enriba da necesidade que s-atopa de ter un punto de referimento pra facer unha medida calquer. Como pr'o espazo (e pr'o tempo) falla un punto de referimento asoluto (corpo n-o asosego asoluto, trasminsión súpeta de señaes) lévase d-ehí qu-os concetos de movimento y-asosego, de simultaneidade, d-antecedenza ou consequenza temporaes, veñan a sere relativizados matemáticamente. Mais ista relativización matemática ten éla mesma un valore philosophico? Pra dar unha resposta afirmativa hay qu-abesullare com-un mecanicista enxebre. Agora, que non ademitindo mais qu'elementos materiaes e movimento de logar, débese chegar ás consequenzas ditas pol-o Einstein. No caso, dende logo, qu as aparencias dos Michelson e Morley sexan verdadeiramente concluintes e se podian desfazer as dúbidas en col do Augusto Righi (2).

Mais a conceción mecánica do mundo é ista. Non se pode deixar do mundo a *qualidade* pra considerare somentes a *quantidade* se non por un artificio. A matemática emprega a treu o artificio e tén qu-empregalo, pois a *qualidade* non é mensurabel de seu, y-é un emprego lexítimo xa qu-é útile con tal que se decate dos seus lindeiros. Cando saile d-istes lindeiros e quérese levar o tirado dos cálculos matemáticos a outros tarreos traducíndos, por eixempro en concetos philosóphicos fanse teorías que dan un pequenimento do universo eivado e insosteníbel. Como ben alvirte o P. Gianfranceschi «O movimento d'un corpo non é... o topar o corpo en posiciós deseguida difrentes, mais é unha certa maneira de sere do corpo ou unha súa qualidade ou un seu estado. O sucesivo coller posiciós difrentes é un efecto d-aquel estado». (1) Non podemos decatarnos do movimento (locale) dun corpo, mais que pol-o seu efecto ou cambeamento da súa posición «mais o conceto de movimento en sí mesmo, é outro do conceto do efecto devandito».

E xa Morus respondíalle a Descartes: «si eu estou sentado en acougo y-outro corre camiño leixándose de mín y-esmorece de faterna, il é quen se move y-eu son quen apouso» (2). Eisí é como n-este caso, pra valuare fixamente o feito d'un sucesivo alonxarse antre dous ouxetos (o indivíduo que corre y-o que apousa) hay que ter conta dos fenómenos (senso d-ampeo etc.) que non canxan n as fórmulas matemáticas espresantes das relaciós locaes dos dous corpos. Pr-a matemática é indifrente parar n-o movimento dun d-iles ou d-o outro, mais non é o mesmo pros que queiran ter unha ollada philosófica, qu-é dicir compreta do fenómeno.

A teoría da relatividade é logo—pechando c-o P. Gianfranceschi—«relativa ás condiciós en que nos topamos y-á necesidade que temos de nos servir dos fenómenos lumiosos y-en xeral dos fenómenos eletromanéticos en todal-as mediciós que fagamos». Pra un aviscador que non tivera a

(1) C. Cerf: Pour l'intelligence de la relativité - Borna philosophique (Juil-Aout) 1922.

(2) Luigi Carlo Massini: Le opere di un fisico italiano Thao Wulf. Einstein's Relativitätstheorie.

(1) Giuseppe Gianfranceschi: La teoria delle relatività.

(2) H. Morus: Scrip philosophica: 1679, t. II, pg. 248. Descartes: Principes, II, 29 - Citata de Bergson: Durée et simultaneite: Paris 1922, pg. 87.

dita necesidade, pra o aviscador Alfa, a relatividade einstenian non eisistiría.

A maneira como o tal oservador vira y-o tempo qu-il medira, terían de sere cada un o movimento y-o tempo asoluto.

A ollada do Einstein, xustamente por sere relativa non pode ter un valor no tarreo philosófico.

A philosophía no estudo da realidade ha facer conta de todo o donado, e non pode torar o elemento qualitativo do mundo—dende logo, por eixemplo na oservación interiore. A *qualidade* non é unha valeira aparenza que deba ser interpretada en función de movimentos locaes entendidos de calquera xeito; ela mesma é un elemento irreductibel do mundo. Eis porque as teorías do Einstein—que representan as derradeiras consequenzas do mecanismo — non teñen pra nós unha valoración philosófica. Son astracións matemáticas, cicais feiticeiras, útiles y-agudas, mais d'iso non podemos agardar un afondamento no noso conocimento philosófico.

Dott. Prof. Lodovico Necchi
Ord. di Biologia nell'Universitá cattolica
1922

NOTA:

Dempois de lido ó artigo do Prof. Necchi cumpría faguer algunhas advertencias sobre das ideas n-el espostas. Non era isto pra pouco e non é agora a ocasión mais con todo quero deixar dito qu-a parola idealismo ten n-a historea da Filosofía un complexo sinificado. Unha cousa é o idealismo crásico de Platón, outra o idealismo críteco do Kant, y-o idealismo trascendentale do Hegel. O Idealismo novo do que se fala diante da teoría de Einstein non é ningún d-eles, anque pode ser neto do idealismo críteco de Kant. O idealismo novo fillo dō agnosticismo positivista y-o mesmo tempo nemigo d-el, que naceu pra separalo, ten moitos nomes nos derradeiros anos como filosofía da continxencia, filosofía da imanencia, pragmatismo e demais, alcumes qu-encubrindo moitas difrenzas todos encerran a criteca do valore da cencia, y-asentan a suxetividade do conocimento escontra a oxetividade.

O Idealismo novo é unha dotrina filosófica relativista, mais o relativismo d-Einstein non é unha doctrina filosófica, é mais ben un método y-unha técnica pra traballar as cencias físecas co renovamento da matemática, e si o pensamento d Einstein é algo en filosofía é todo o contrario do relativismo filosófico, terá de ser un pensamento asolutista e realista.

A separación da idea de *quantidade*—o suxeto a medición, material da física e da matemática—da idea de *qualidade*, acrara moito o pranteamento d-estes probremas dos que por non cansarvos non digo mais agora.

DUAS LENDAS

por CASTELAO.

NA rectoral de Asados non había medo ôs ladróns. Alí nin tan siquera oubeaban os cans. O cura, con sona de probe e creto de santo, vivía ô amparo de Deus.

Unha noite de inverno bateron fortemente na porta da rectoral. Eran dous homes vestidos ô xeito montañés. O cura brincou do leito e perguntou dend'a fiestra:

—Quén vai?

—Somos dous forasteiros, señor, e queremos que veña confesar á unha muller que vai morrer esta noite.

O pegoreiro de almas non quixo saber máis e n'un decir amén puxo a sotana e saíu pol-a porta. Os forasteiros agardaban no camiño.

—Imos alá, logo. Hai moito qué andar?

—Non, señor. A muller está no adro, agardando por vostede. Ela quêr que se lle poñan todol-os sacramentos denantes de morrer.

O cura, que era un santo, non quixo sospeitar nada ruín, e deixouse levar pol-a súa boa fé. Alí no adro, nas escaleiras do cruceiro, había un bulto de muller, confirmando as verbas dos forasteiros.

O cura achegouse á ela paseniñamente e descubreu a faciana d'unha muller fermosa que choraba...

. . . . . .

Qué pasou? Non se sabe. O segredo de confesión tapou a boca do cura. Sábese que o cura de Asados dend'aquela noite xa non foi home.

Ô día siguente apareceu removida a terra n'un curruncho do adro da eirexa, coma se alí soterraran un difunto n'aquela noite. O señor cura mandou poñer unha cruz enriba da terra e todo finou.

Recollida de boca d'unha vella na feligresía de Asados (Rianxo).

Había en Castrelos un ferreiro que deixara decorrel-os días da súa mocedade sen decatarse de que había mulleres no mundo, i-en chegando á vello doulle por se namorar tolamente d'unha rapaza nova moi cobizada por todol-os mozos da feligresía. O ferreiro era rico e logrou facerse dono da mellor xoia de Castrelos; mais os mozos, xuramentados, lograron acedarlle a vida.

O vello namorado clavou as fiestras da casa, pechou a muller dentro e nin con eso logrou durmir un sono acougado, porque nas noites de ruada os mozos enchían o vento de cantigas de *mal dizer* e o sangue do vello virábase solimán.

A muller do ferreiro era moi devota e á forza de bágoas logrou licencia para ir á misa todol-os días. A casa estaba á carón do adro, e a porta sul da eirexa daba direitiño á porta da ferrería, de xeito que o ferreiro podía traballar ollando á súa muller na misa. Con todo e nin con eso a coitada tiña paz na casa de Deus, pois os ollos do seu dono feríana de lonxe con dúbidas noxentas.

Unha mañanciña chegou pol-a porta da ferrería unha vella lúrpia, tida por meiga en todo Castrelos e nos seus arredores, e solermiñamente deitou nos ouvidos do ferreiro estas verbas pezoñentas:

—Por moitas voltas que lle deas, ti morrerás axiña e a túa muller casará... casará c'un rapaz que sei eu...

N'aquel intre a probe casada, de xoenllos na eirexa, pedíalle pacencia á Santa María. O vello ferreiro fitouna e sinteu que se lle subía á cabeza un ramo de sangue. Endoudecido pol-os ciumes colleu un ferro e meteuno no lume... Os foigos da ferrería traballaron de firme e o ferro púxose decontado d'un roxo irtido, lumioso... Entón o ferreiro colleu o ferro candente i-encamiñouse á eirexa, disposto á desfacer, diante de Deus mesmo, a fermosura da sua muller.

E Deus, o bô Creador de todo, non quixo que o ferreiro desfixése unha das suas mellores obras, e cand'o ferreiro, cego de ciumes, ia entrar na eirexa, tapouse a porta súpetamente c'unha parede de pedra.

O miragre foi sonado n'aquel tempo e ainda hoxe a porta sul da eirexa de Castrelos aparece tapada.

Recollida de boca d'un vello na feligresía de Castrelos (Vigo).

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

RESPOSTAS A UN CUESTIONARIO

FOLK-LORE DA ALDEIA DE CANEDA, CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

A TERRA.—Pertencen ao pobo de Caneda os montes das Lamelas, Castelo-Miño, o Marouzo, as Borreas, Picamillo e outros de menos importanza.

Regan a terra os ríos da Silva, que nace na serra das Lamelas e verte no Cabe, catro kilómetros antes de Monforte, cos seus afluentes de Carralcoba, Barreiro, as Lagas, e a regata de Sequeiro.

Penedos grandes non hai mais que a Pena larga de Picamillo.

Dos camiños, hai o que dende Monforte vai direito a Vilachá, pasando por Malbarón, Santa Mariña, Caneda, Vilamarín e Rozabales. Hai outros menos longos, que somentes sirven pra xuntar as leiras, os *barretes* e as aldeias. (1)

Ademais do pobo de Caneda, alcóntranse as aldeias de Santa Mariña, Bascós, Chabaga (onde hai un famoso castro arredondado e rematado en croa), Penela, Vilamarín, etc.

Eiquí non hai casas isoladas, pois todol-os veciños viven nos barretes de Fontes, Campelo, Airexa, Bau, a Fonte, Outeiro, o Sobrado e a Pousa.

Hai moitas leiras, porque a propiedade está moi dividida; citaremos as principás agrupaciós de parcelas: a Agra, Cotorelo, Pidreira, Laguaceiros, etc.

De todos istes sitios cóntanse algunhas cousas:

Que por esta terra hai moitos tesouros.

Que hai unha *cadea d'ouro* que sai da Fonte Albar e vai parar a un pequeno monte chamado Castro. (1)

Que na Pena Larga hai debaixo unha gran riqueza.

Do pequeno monte do Castro, conta a xente qu'era *iglesia dos mouros*. Enséñanme unha pequena parte alta cuberta d'areas e dícinme que era o *campanario*, e verdadeiramente, pol-a forma que ten, parécese moito. Un pouco mais abaixo enséñanme o *atrio*, e dentro do monte dín que está a *Igresia*, e sempre acaban dicindo:

—S'eu fora millonario, habia de desfacer o monte que me habia de poñer cuberto d'ouro.

Andando a xente cavando n-unha viña que hai na falda d'iste monte, foi encontrada poucos anos hai unha cousa brilante que tiña a forma d'un prisma d'uns catro centímetros d'alto por tres d'ancho e no medio viase unha imaxen d'ouro. Foi vista por moita xente, e no mesmo día o que a atopou volveuna perder na viña onde apareceu. Esto non é conto, que foi certo.

A XENTE.—A xente d'ista aldeia como das antes citadas é d'altor mediano, mais ben pequena que alta, pol-a causa de qu'os galegos levan os fillos ao traballo ainda ben non empezan a falar. (2)

A costitución da xente é mais ben forte que enfermiza, anque hai de todo com'en todos lados.

A pel d'estos habitantes é de natureza branca, mais o qu'a vexa na edá adulta, é negra com'a terra que pisan. Os ollos hai-

---

(1) Pol-o contexto vese que *barrete* sifilifica all o que n-outros lados se chama *lugar* ou *barrio*; é un diminutivo de *barrio*.

(1) É o pirmejro eixempro que recollemos en qu'o haber ou tesouro colle a figura d'unha cadea, en lugar da *trabe* ou vea que s'adolta, e da qual ven ser unha variante.

(2) Está ben estesa esta opinión. Temos ouvido apôr o seren baixas os mulleres da aldeia, ao costume de cargaren pesos na cabeza dende pequenas.

nos de todos os colores, pero o que mais domina é o azul y-o roxo. (1) O pelo é negro y-é castaño.

Os nomes mais frecuentes son os de Manolo, José. Antonio, nos homes; Carmen e María nas mulleres. Os apelidos que mais s'encontran son Rodríguez, López, Díaz.

ALCUÑAS. Garabanzo, Xastre, Xabón, Pallón, Fandiñas, Carabés, Patuno, Carballeira, Marallo, Moucho, Grilo, Pera, Pelado, etc.

A orixen d'estas alcuñas non se sabe, porque é tan antigo com'as casas; namais se supón d'algús como a casa do xastre, de qu'antes había un xastre famoso; Carballeiras, porqu'está metida n-unha devesa de Carballos. (2)

OS MOUROS.—Dos mouros cóntase que estiveron por istes montes e que deixaron moitas riquezas e tesouros, por mais que hasta agora non apareceu ningún.

OS FRANCESES.—Dos franceses contan muitas cousas: qu'eran mui criminales, salvaxes, bárbaros, etc. Que viñan, entraban nas casas e cometían todal-as barbaridades que se poden maxinar, levaban todalas cousas que eran de comer, sobre todo ovos, que maltrataban á xente d'unha maneira incrible, as roupas qu'as tiraban aos pozos, etc.

OS LADRÓS.—Conta a xente qu'antes había moitos que se xuntaban en cuadrillas baixo a direición d'un xefe, e que no pobo mismo de Caneda fixeron moitos roubos. Os veciños que tocaban as campanas, como siñal, e qu'enseguida se xuntaba o pobo inteiro, qu'andaban a golpes y-a tiros hasta qu'escapaban os ladrós, e que se pillaban algún atábano ôn álbore y-alí paus, golpes; patadas, etc... e se non quedaba morto, viña a guardia civil e iban morrer ás cárceles, e pol-o visto solo roubaban ao que tiña.

IDIOMA.—Fálase o galego *chapurrado*, por infruenza do castelán.

Este galego falado arredor de Monforte é diferente do falado n-outros sitios, distínguese pol-o acento e n-algunhas palabras; por eixempro, en Caneda dícese *despois*, e no Cebreiro dín *dempois;* eiquí dín *gado* y-alí *gaudo*, etc.

Antre outras expresións: «xuro a palla dos nabos».

REFRÁS:

Marzo, marzán,
á noite cara de lobo
y-á mañá cara de cán.

DITOS, CÁNTIGAS, BRINCADEIRAS:

A Castilla van os homes,
A Castilla por ganar;
A Castilla queda aiquí
S'iles queren traballar.

—

Manuel, cagamel,
Y as abellas c... pr'él
A gata c... nata
Y-o Manuel todo lapa.

—

Cando o río corra arriba,
Y-os carballos dean uvas,
Han ser bós os homes
Das barbas rubias.

—

Marrao blanco sal ô campo;
Marrao negro, non ch'ai medo.

—

Marraiciro, putañeiro,
com'as tripas d'un carneiro,
mal lavadas, mal cocidas,
sáleche a m... pol-as enxivas.

---

(1) Roxo debe querer indicar eiquí o castaño craro. Sabido é que roxo, no falar da xente, non é o bermello; adóitase chamar roxo ao que ten o cabelo loiro; ao bermello, especialmente tratándose do corpo humán, e mais ainda da coor da pel, adóitan chamarlle *rubio*.

(2) Temos falado n-outros números d'esta revista do referente á herenza das alcuñas nas familias ou castimonias, ou seña de pais a fillos, que é o modo de têrense convertido moitos d'iles en apelidos. Eiquí temos outro caso tamén frecuente de herdamento da alcuña pol-o sitio ond'un habita, no caso do xastre. Coñecemos casos en varios lugares de Galiza: un tendeiro é coñecido c'un alcume; morre, ou traspasa a tenda, e outro, un estraño, ven ocupar a tenda qu'iI deixou: o tendeiro novo, herda o alcume do antigo, e sigue sendo coñecido por il. Unha muller está casada c'un home coñecido por un alcume; morre o home, e a muller volve casar: o marido novo herda o alcume do primeiro.

ADEVIÑANZAS:

«Millares de hermanos
rubios como yo
le damos la vida
al que nos creó.

(O trigo)

—

Entre duas penas feroces (?)
Sale un home dando voces;
lo oirás, pero nono verás.

(O p...)

—

Entre pan e pino,
nace un muchacho (?)
nin morto, nin vivo,
nin femia, nin macho.

(O ovo)

—

Quen é aquil piquiniño, que sempre andando e sempre andando, e non sale do mesmo sitio?

(O reló da parede)

CONTOS DAS BRUXAS. — Unha vez viña un rapaz da *pretensión* (1) era de noite, e no camiño víu que viñan detrás duas fías de mulleres con cada sua vela encendida. Parouse ôn lado hasta que pasaron as mulleres e víu qu'a que viña detrás era coxa, e foi e quitoulle a vela. As mulleres siguiron camiño, y-o rapaz, todo encazurrado, marchouse por outro, pensando que sería aquelo. Pasou a noite e pr'o outro día foise xunto ao cura e contoulle o que lle pasara, y-o cura díxolle que aquela mesma noite que collese un bastón e que se fose poñer ao mesmo sitio, que á mesma hora habían de volver por alí e que lle dese a vela á coxa, despois co pau, que fixese un círco e no medio unha cruz, pois aquelas mulleres eran bruxas, y-han tratar de te despedazar e comerte.

O rapaz fixo o que lle mandou o abade. As bruxas viñeron á mesma hora; o mozo entregoulle a vela á coxa, e despois deron a volta e rodeárono, pero como tiña a cruz, non lle puideron facer nada. (1)

CONTOS DE LOBOS.—Unha vez andaba un pastor cas cabras no monte; veu o lobo colleulle a millor cabra do rabaño. Púxose de rodillas a rezarlle o responso ao San Antonio. Como chovía, tiña unha saca na cabeza. Despois sacou a saca da cabeza e volveu rezar o responso, y-ao acabar, o lobo deixou a cabra, e o pastor dixo:

—Válgate Dios o Santo, qu'eres ben caprichoso!

O lobo deu a volta e volveu coller a cabra e marchou co-ela. (2)

CONTOS DE LADRÓS.—Cont'a xente qu'unha vez viñeron os ladrós pra roubar ao veciño mais rico de Caneda. Eran sobre as dez da noite, y-estando rezando o rosario, petaron na porta, y-ao abrir, entraron hast'a cuciña. Dan o alto; entón uns empezaron a berrar pol-os veciños, encanto qu'os outros empezaron a pelea pr'a defensa. Un veciño foi ás campanas, como tiñan acordado d'antes, xuntouse o pobo inteiro, y-os ladrós empezaron a fuga. Sin embargo, todos non puderon escapar, y-os que pillaron, prendéronos a uns castiñeiros qu'había cerca. Despois viron qu'eran dos mais amigos do veciño. Veu a guardia civil e levounos presos, y-algún morreu na cárcele a causa dos golpes qu'os veciños lle deran.

CONTOS DE XASTRES.—Unha vez era un xastre e foi coser ônha casa e d'almorzo

(1) Sibífica ir pretender ás mozas, ir ond'a noiva.

(1) Hai duas ouservacións importantes que facer en este conto: 1.ª A confusión ou contaminazón da ronda das bruxas co-a Hoste, Compaña ou Procesión das Animas. Eiqui, as bruxas van en procesión con velas, com'as almas en pena.

2.ª Eiqui alúdese, com'en moitas leendas europeas, á antropofaxia das bruxas. Nas leendas non somentes se lles apón o comeren carne dos vivos, senón tamén dos mortos, que desenterran nos camposantos. Compárese cos leenda oriental dos *gouls*, que se manteñen da carne dos mortos xa podrecida, coma se pode ver en varios contos das *Mil e Unha Noites*.

Apurez eiqui tamén o círco máxico co-a cruz atravesada ou iscrita, formada por dous diámetros, do que se fala adoito en varios grimorios.

Tamén e dina de nota a sustituzón da vela á bruxa coxa (coxa coma moitas mouras encantadas dos castros; o coxo adoita ter un sinificado máxico, de máxia preta; lembrese o diaño coxo de tantas leendas), restituzón que se fai sen dúbida pra que ela nona veña buscar, collendo desprevenido ao rapaz.

(2) É corrente en Galiza a creenza de qu'o responso a S. Antonio fai abandoar a presa ao lobo e mais ao raposo. Eiqui a primeira vez non resultou, por se ter esquecido o pastor de descubrir-a cabeza.

díronlle un ovo. O xastre dicía e cantaba: «un ovo, un ovo é» e dáballe moi pouco â agulla. Os amos qu'ouviron esto, dixeron: «hai que darlle ô xastre dous ovos, pois cose pouco». Ô día siguinte díronlle dous, y-o xastre cantaba apurando un pouco mais a agulla: «dous ovos, dous ovos, son». Os amos qu'ouviron esto, acordaron darlle tres. Veu o outro día e danlle tres ovos. O xastre moi contento, cantaba apurando todo o que podía: «tres ovos, tres ovos son, anda, agulla, date són». Despois todol-os días lle daban tres ovos ao almorzo.

XESÚS RODRÍGUEZ
Aluno do Maxisterio.

(A seguir).

OS HOMES, OS FEITOS AS VERBAS

OTERO PEDRAYO NA ACADEMIA GALEGA.

O día 9 de Nadal tivo lugar na Cruña, no Salón do Circo d'Artesáns, o solene acto da recepción do noso ilustre e benquerido compañeiro Ramón Otero Pedrayo, na Real Academia Galega.

Presideu o da Corporación, Eladio Rodríguez González, e coil tiñan posto no estrado os Académicos de número Sres. Lugrís Freire, Pérez Barreiro, Estrada Catoira, Carré Aldao, Castillo e o noso Direitor Vicente Risco, encarregado de responder ao discurso do recipendário. O salón estaba cheo d'un distinto e escolleito púbrico, antr'o que figuraban moitos Académicos correspondentes, persoalidades da inteleitualidade e da boa sociedade cruñesa. Foron desiñados pra acompañar ao estrado ao novo Académico, os numerarios Sres. Lugrís e Carré.

Otero Pedrayo non pudo dar leitura senón a algús anacos escolleitos do seu volumoso e intresantísimo discurso, no que fai un cumprido estudo, fortemente documentado do movemento romántico en Galiza, que desenrola arredor das tres figuras destacantes de Pastor Díaz, Eduardo Pondal e Rosalía Castro, cuia obra coñece ben a fondo. O discurso d'Otero Pedrayo non é somentes a obra d'un erudito, senón d'un pensador e d'un artista; non é somentes un traballo d'historia literaria, senon tamen d'historia das ideias, con fonda comprensión do seu sinificado histórico e eterno. N il aséntanse craras definiciós e afirmanzas en col da entrana do Romantismo e das suas orixes, da difrenza antr'a y-alma clásica e a y-alma romántica, do sentimento da peisaxe e da terra, da saudade, do atlantismo, e d'outros moitos probremas que hai tempo an'an antre nós suxetos a porfía, e que hoxe non queremos eiquí desflorar, ata qu'o discurso se pubrique e os galegos que pensan ou sinten inquedanzas, poidan coñecer direitamente a sua doutriña, que n-un resume coma iste poderíamos dar desfigurada. Porque non é cousa pasaxeira, e de momento, o traballo académico d'Otero Pedrayo, senon de duranza e que ha ter infruenza no pensamento galego.

Na resposta de Vicente Risco faise un estudo sintético e breve, anque cumprido, da persoalidade centífeca e literaria, tan rica e polimorfa do novo Académico e da sua obra.

O acto resultou ben solene e lucido.

Ao outro día ousequiaron a Otero e a Risco c'un almorzo íntemo no Kiosko Alfonso, moitos académicos e algús amigos, escritores e colaboradores da Editorial NOS.

DO MUNDO CÉLTICO

OS GORSEDD DO ANO 1929.

Da revista *An Oaled,* de Carhaix (Cornouaille), tiramol-a reseña das mais importantes festas céltigas que se tiveron n-iste vrau. O NÓS, atento a todal-as manifestaciós de fraternidade racial, gábase de poder ofercer aos seus leitores novas un pouco detalladas en col de tan importante asunto. Pol-o que se refire â Armórica, moi logo imos ter a honra d'emprincipiarmol-a pubricazón das notas de viaxe do noso benquerido direitor artísteco Castelao, que nos vai ofercer a descoberta da vida íntema d'aquela terra irmá. Agora, imos ao de hoxe.

ARMÓRICA, Gorsedd de Huelgoat, 18-19 Agosto.

Coma tiñamos anunciado, celebrouse en Huelgoat (Hante-Cornouaille) a gran xuntanza e festa druídica do Colexio da Bretaña. Foi orgaizada pol-o gran Druída-delegado Taldir Jaffreunou, o Druída Charles Le Braz e o Ovato Celestino Menguy, d'acordo co-as autoridades e a comisión de Festas de Huelgoat.

O día 18 houbo â mañá, no Teatro da Natureza do Huelgoat, un campeonato de loitas bretonas, anunciadas pol-os tocadores de *biniou* de Carhaix, o gran León e Le Goff. Loitaron Pierre Corvez, de Kermarzin, Lois Guingamp, de Goas-Haleg, Jean Corvez, Le Menn, de Plougras, Ricard, de Gourin, e Salaün, de Kertanguy. Ao serán, no mesmo Teatro, un concerto céltigo, con cantos, bailes e múseca, ao que asistiron unhas seis mil persoas. Os nenos da escola de Huelgoat, vestidos con traxes da antiga Bretaña, cantaron o *Sao Breiz-Izel;* despois cantaron os Sres. Cueff, de Pont-Aven, M. Leonick Le Boucher, Mlle. Le Fléouter, M. Gourvil, M. Le Bonniec; os danzantes de Scrignac beilaron o *jabadao* e o *passe-pied;* representouse o monólogo cómico *Yand ar paotr mad,* e unha peza en dous actos: *Bilez hag e vestr.* Despois bailouse na praza do pobo e o Marqués de la Moussaye deu prémeos aos millores beilarís. Â noite tiveron a sesión privada dos bardos: *Gorsedel Kuz.*

O día 19, â mañá, houbo unha misa pol os bardos difuntos, con sermón do cura-decano M. Falc'hon. Despois, os bardos marcharon en procesión ao lugar da cerimonia, cos seus vestidos: brancos os Druídas, azúes os Bardos, e verdes os Ovatos.

Chegados ao bosque, Taldir, coroado do verxeban simbólico, rubiu â pedra do Fado en compaña do Druída Ab Alor (M. Leon Le Berre) que levaba o *corno,* e de Telen Aour (M. de la Guichardière) que levaba a *espada do Rei Artur.* Ab Alor soou o corno aos catro ventos, e falaron Taldir, Ab Alor e Loeiz Herrieu, o Druída-censor. Logo Telen Aour sacou meia espada da vaiña, e fixo a pergunta de ritual.

—Hai paz?

Respondeu o Colexio a unha:

—Si, hai paz!

Logo deron a investidura aos novos membros: o druída Talhouarn (M. Luis Beranger), Evnik-ar-C'hoat (M. Eugéne Le Roux), Pabor Kerne (M. Leonik Le Boucher), Eostik Kerne (M. Auguste Solu), M M. Pierre Le Sauze, Yann Givern, Eugène Wesander e Moffat-Pender.

O delegado do País de Gales, Prof. William Harris, trouxo entón a mitade da espada partida, e Taldir axuntouna, asegún o rito â outra mitade, en simbolizazón da unión da Raza Celta, atándoas c'unha fita das coores céltigas.

Houbo despois cantos, e por fin, o reparto do verxeban, símbolo da paz.

Despois houbo un xantar de mais de cen cubertos, con asistenza das delegazós e repersentazós, onde se falou a prol da Bretaña e da sua língua.

A revista NÓS aderiuse â gran festa armoricán co seguinte mensaxe, endereitado a Taldir:

«Querede levar, no nome d'un agrupamento d'escritores, d'artistas e d'historiadores, que traballan por erguel-a y-alma d'unha ponla do antigo Tronco Céltigo, unha verba d'amizade fraternal e d'ademirazón sinceira pra aquiles que saben tan ditosamente conservar as vellas tradizós da Bretaña. Recibide os votos mais ardentes pol o triunfo da Armórica e pol-a unión espiritual da Raza Celta».

OUTRAS XUNTANZAS.

O 20 d'Agosto, a da Sociedade Anónima *Armórica,* en Carhaix que veu de publicar a sua primeira edizón bretona.

Do 1 ao 5 de Setembro, o Congreso da sociedade bretonista católica *Bleun Brug,* en Douarnenez.

Do 4 ao 9 do mesmo mes, o Congreso da *Unión Rexionalista Bretona,* en Hennebont, con asistenza de 150 congresistas.

EN CORNUBIA.

Do 27 d'Agosto ao 2 de Setembre, en Camborne, houbo un campeonato de loita antre bretós e córnicos, no que istes saíron vencedores. Houbo co gallo d'esta festa de sport, un concerto céltigo e unha cerimonia druídica no outeiro de Karn-Brê, onde falaron o Gran Bardo de Cornwall, Gwas Mikeal (Henry Jenner), o Porta-Espada Henderson, os bretós Taldir e Cotonnec, e o galés Rhys Phillips.

EN ESCOCIA

Do 23 ao 30 de Setembre tivose en Glasgow o *Congreso Pancéltico de 1929,* organizado por *An Commuun Gaedelach,* con repersentazón de todol-os pobos céltigos, esente Cornwall, Bretaña... e Galiza.

Fixéronse as seguintes confrenzas: *Orixinalidade das Terras Outas (Highlands)* por G. Calder.—*Resume da historia das*

revolucións irlandesas, por Miles Dillon.—*A vida do letrado en Gales*, por Saundors Lewis.—*O Deus que morre na literatura galesa*, por Mario Williams.—*Sobrevivenzas da leenda céltiga na literatura popular da illa de Man*, por Mona Douglass.—*O estado presente das linguas céltigas*, por Ryan, irlandés, Hartwell Jones, galés, e Mac Leod, escocés.—*Irlanda e Gales, suas difrenzas*, por W.-F. Butler.—*Sobre o estudo dos cantos populares en Gales*, por E.-T. Davies.—*A nosa múseca*, por K. Mac Leod.—*O artesán celta*, por H. Munro.—*Olladas sobre o porvir dos pescantís*, por J. Mac Kenzien.

Houbo concertos e unha esposizón de libros céltigos.

LIBROS

PELERINAXES, por Ramón Otero Pedravo, Cruña, NÓS, 1929.

Xa se ten falado ben d'iste libro, un dos de mais éisito de críteça dos que leva pubricado a Editorial NÓS. Relazón d'unha viaxe da pé, feita dend'Ourense ao San Andrés de Teixido, escrita por un dos qu'a fixeron, Ramón Otero, e prologada e ilustrada por outro, Vicente Risco, ten coma dí moi ben A. Villar Ponte, o méreto enorme e primario de nos tirar d'unha vez da Galiza un pouco convencional d'outros libros, e de nos levar por terras das que case se non ten escrito no aspeuto integral, e d'abrir camiños novos pr'a coñecencia verdadeira da nosa Terra. *Pelerinaxes* é un libro a un tempo centífeco e literario, no que se manifesta nos mais varios aspeutos a complexa persoalidade do seu autor, e que ao mesmo tempo que relata con eixemprar fieldade todo o visto e o acontecido nos oito días, a'gús d'iles de penoso camiñar baixo d'unha chuvia cruel e fora de tempo, espállase a pantesía nas comparanzas, nas evocacións e na viveza estraordinaria do estilo, de cote animado e cinguido á impresión.

Estudo perfeito e saturado da cencia, en col da peisaxe, da fisionomía xeográfica das terras percorridas, da peisaxe humán, seus modos de vida, sua aparencia, seu trato, sua psicoloxía, en íntema dependenza da terra. Apreciazón críteca de moitos aspeutos da vida correntes, d'asuntos d'economía e de goberno. Relato novelesco dos episodios reás de cada xornada. Humorismo das dificuldades, dos tropezos e dos episodios grotescos. Canto trunfal do sosego e do xantar das pousas feitas con sorte. D'iste xeito, todos poden tirar proveito da leitura de *Pelerinaxes*.

Ousérvese que n-esta, coma n-outras obras d'Otero Pedrayo, hai sempre, anqu'il non queira, unha críteca aguda, por veces amarga, de moitos aspeutos do vivir galego. E mais emooriso, fica sempre no fondal unha gran fé no porvir, no presente e no pasado de Galiza—non sabemos por que a fé hase referir de cote ao futuro—un grande alento pra vivir en galego. A Terra nosa trunfa sempre nas obras do noso compañeiro, atal e como é, o que ten de bó e co que poide ter de ruín. Sempre hai n-il, a pesar de todo, un optimismo verdadeiro que non é o optimismo pesimista de tantos idealistas descamiñados—porque hai un optimismo pesimista ao que compre tirarlle a carauta calquera día.

NEMANCOS, por Gonzalo López Abente, Cruña, NÓS, 1929.

Un novo libro de versos do gran poeta que é Gonzalo López Abente. Debémolo dicir asina, sen atenuante. Temos dito tamén moitas veces que López Abente é o que se chama un poeta clásico, e hoxe que tanto se quer volver ao culto dos valores clásicos, compre pôr atención na obra do poeta de Muxía, clásico na forma e moito mais ainda no son especial propio dos seus poemas. Moitos d'iles son poemas descriptivos mais é un descripcionismo ao modo clásico: peisaxes compostos con representazós abstrautas ou con metáforas; dixéranse peisaxes en escultura, e non en coor, con acentuazón da liña e simprificazón máisima, e mais a evocazón é perfeita. Ausencia compreta de barroquismo. Nas novelas de Gonzalo López Abente, hai barroquismo d'abondo, e ademais unha mol sensibilidade. Nada d'iso nos seus poemas, simples e ispidos com'os de Pondal, a quen tanto o teñen comparado, e haberá que comparalo todal-as veces, pois o *acento* pondaliano é visíbele—por decilo d'algún xeito—nos versos de López Abente, versos de bronce, con certa dureza que non é defeuto nen moito menos, senón que é unha das suas virtudes. Verso viril e serio, forte e sonoro, que do de Pondal, ademais do acento, a *perspectiva*, o fondo sen fondal que deixa adiviñar atrás. É un clasicismo, se vos fixades, moi novo, moi de liñas dereitas com'as da arquiteitura moderna.

Outros poemas son d'un fondo suxetivismo—lirismo sobrio—d'unha vaguedade qu'anda perto da poesía pura.

En *Nemancos*, despois dos sonetos escorreitos e puramente líricos, filosóficos moi-

tas veces de *D'Outono*, volve o lirismo mais libre e vario de formas de *Alento da Raza*. Ainda os poemas puramente de sentimento e de lembranza d'iste libro d'agora, son poemas da veiramar, escritos e sentidos a carón do Atlántico imenso, cheo de tristura e saudade céltiga, e que prenderon no seu ritmo algo da múseca solemne do mar.

LEVIANA

ANTONIO Ferro é un dos novos de Portugal. Ramón Gómez de la Serna ponlle por isto un prólogo gabancioso e amical: «Ferro da la sensación de que está enterado de todo...» Valery-Larbaud dí n-unha carta a Delteil: «Antonio Ferro, qui est le chef de l'avantgarde litteraire du Portugal...» Ten Ferro ata once libros pubricados, é un xornalista d'unha enorme actividade, que traballa no *Diario de Noticias* de Lisboa, e fai reportaxes e inquéritos sensacionás. O seu libro *Viagem à Volta das Ditaduras* (1927), qu'acadou moita sona, é feito d'esta sorte de traballos. En *Leviana*, despois do prólogo de Gómez de la Serna, pon o propio Antonio Ferro un *Estudo crítico*, onde, asegún a moda de moitos novos e modernos, estudase a si mesmo, estuda o estado actual da literatura portuguesa—ao seu xeito, crar'está—e estuda o istante actual da literatura universal, ou seña da francesa, porque pra moitos portugueses sigue non habendo no mundo mais que París: Ben. Alí se non citan mais qu'autores franceses. E logo ven o libro, tamén inteiramente ao gosto francés, digo parisién. Todo artificialidade sensual. E sexual. A *Leviana* é—co seu innegábele e inocente salvaxismo—unha Venus de boudoir. O libro todo, unha enfiada de metáforas de refiñado e sutil inxenio. Arte nova. Retórica. E afrodisia.

EL ANÁLISIS QUÍMICO ROENTGEN ESPECTROGRÁFICO, por J. VÁZQUEZ GARRIGA, Santiago, 1929.

O autor estuda a apricazón da espectrografía Roentgen—mais importante qu'a espectrografía ordinaria na sua apricazón á análise química, posto que permiteu a descoberta de catro novos elementos—á análise mineral. Estuda os aparatos Roentgen, os tubos dos raios X, a sua físeca, os métodos espectrográficos, a sistematizazón dos espectros Roentgen, a análise mineral por iste método. O traballo ven ilustrado con numerosos esquemas e duas fotografías d'espectros.

O ouxeto do traballo, resume dos estudos do Sr. Vázquez Garriga nos laboratorios do Istituto de Físeco-Químeca da Universidade de Freiburg in Brisgau, do Istituto de Radioloxía, e no laboratorio particular do gran físeco holandés Dr. Scemann, é a apricazón do método espectrográfico Roentgen a análise mineral, dend'o punto de vista geoquímico. Damos o parabén ao autor.

RESEÑA HISTÓRICO DESCRIPTIVA DE LA PARROQUIA DE VILLAR DE ORTELLE Y SU COMARCA, por Don RAMÓN CASTRO LÓPEZ, Monforte, 1929.

DON Ramón Castro López, párroco de Vilar d'Ortelle, en Lemos, e investigador das antiguidades d'aquela terra, danos n-iste libro o resume d'algús dos seus traballos arqueolóxicos e etnográficos, cheos de datos intresantísemos. Fai unha reseña cumprida da parroquia, dando situazón topográfica, a Eirexa parroquial, Capelas e Ermidas, Casa reutoral, Autos de visita, e logo entra na parte prehistórica, falando das Cavernas, os Castros e as Leendas dos Castros. Trai logo un Catálogo dos Castros de Monforte de Lemos, que comprende 61 d'istes moimentos prehistóricos, agrupados nos distritos de Monforte, Pantón, Sober, Saviñao e Bóveda. Pasa logo a tratar das mámoas, os ríos de Monforte, Recordos monásticos, difrentes Santuarios, Supersticiós e curiosidás antigas. Da moitos detalles folklóricos, algús non recollidos ainda, e por elo de gran valor. O labor de D. Ramón Castro López é dino de gabanza e d'imitanza. Se cada freguesía rural de Galiza tivera unha monografía feita, moito podería adiantar a coñecencia do presente e do pasado da nosa Terra. Por elo, debemos dal-o noso parabén ao Sr. Párroco de Vilar d'Ortelle, de cuio estudo encol da *Emigración gallega* temos falado xa n-esta seizón.

REVISTAS

LA CRUZ DEL SUR, Montevideo, n.° 24.

TRAI: *Prosas* de Alberto Lasplaces, Álvaro Guillot Muñoz, Juan Mario Magallanes, César M. Arconada, José Mora Guarnido, Emilio Oribe, H. Reniers.—*Versos* de Gervasio Guillot Muñoz, Mario Esteban Crespi, Fernán Silva Valdés, Alfredo M. Ferreiro.—*Carátula* de Vlaminck.—*Grabados* de Renée Magariños, Norah Borges de Torre y Gino Severini.

GIL VICENTE, Guimarães, 1928, nums. 3 e 4.

SUMARIO: *Antonio Sardinha, poeta do Amor cristão,* por Ruy Galvão de Carvalho.—*Manuel Bernardes Blanco,* por José Agostinho.—*Velharias vimaranenses,* por João Lopes de Faria.—*Guerra Junqueiro,* por Eugenio de Belono.—*De Fátima,* por Manuel Rodrigues Leal.—*Luz e Sombra,* por Claudio e Antonio Correa d'Oliveira Guimarães.—*O Anatema de Flandres,* por João de Ourique.—*Romagen dos seculos,* por Eduardo de Almeida.—*Dos livros e dos autores.*

Nums. 5 e 6.

SUMARIO: *Ecce sacerdus magnus,* por Redacção.—*Velharias vimaranenses,* por João Lopes de Faria.—*Luz e Sombra.*—*O Anatema de Flandres.*—*Romagen dos seculos.*—*Pensamentos, palavras e obras.*—*Dos livros e dos autores.*

Nums. 7 e 8.

SUMARIO: *Dr. Jackson de Figueiredo,* por Claudio e Antonio Correa d'Oliveira Guimarães.—*Cantar,* por Guilherme de Faria.—*A nossa homenagem,* por Manuel Alves d'Oliveira.—*O Anatema de Flandres.*—*Velharias vimaranenses.*—*A questão social e a inteligencia,* por Eugenio de Belonor.—*A Mata,* por Francisco de Queiroa.—*Pensamentos, palavras e obras.*—*Dos livros e dos autores.*

Nums. 9 e 10.

SUMARIO: *Aspectos e figuras da nova Italia,* por Guido Batteli.—*Poeta imorredoiro,* por Antonio Cunha.—*Velharias vimaranenses.*—*A Mata.*—*S. Gonçalo,* por Alberto Vieira Braga.—*A questão social e a inteligencia.*—*O Anatema de Flandres.*—*Pensamentos, palavras e obras.*—*Dos livros e dos autores.*

A NOSA TERRA, Outono, 1929.

SUMARIO: *Os nemigos da democracia.*—*Esquemas e lembranzas,* Ramón Otero Pedrayo.—*Notas de viaxe,* Ben-Cho-Shey.—*Outro turismo necesario.*—*Feitos,* Millobre Pinto.—*Realidás,* T. de A.—*Unha doenza galega.*—*Duas Galizas.*—*Fora da Terra,* Víctor Casas.—*Ollando pr'o agro.*—*Unha notiza inventada.*—*Ti e mais eu* (versos), Avelino Rodríguez Elías. N-iste número, coma nos seguintes, meteu man a eito a censura, deixando os traballos mutilados, e ás veces ata sen senso doado de coller).

Novembro, 1929.

SUMARIO: *Antón Lousada Diéguez* (lembranza do noso querido irmán e compañeiro desaparecido d'antre nós).—*Os irmanciños,* Vicente Risco.—*Esquemas e lembranzas,* Ramón Otero Pedrayo.—*Victoriano Taibo no Instituto Histórico do Minho.*—*Conto inmoral,* Ben-Cho-Shey.—*O trunfo do motor,* Manuel Gulín.—*Arnica e vaselina.*—*Liñas de loito* (en lembranza d'Armindo Mariñas).—*A campaña «Pro-Biblioteca» n-Ourense.*—*O mes dos morlos.*—*Medra a lúa* (versos), R. Carballo Calero.—*Faíscas,* Víctor Casas.—*Follas novas.*—*Lecturas.*—*Verbas de irmáns* (recolleita d'escritos adicados á morte do Lousada Diéguez).

Nadal, 1929.

SUMARIO: *Esquemas e lembranzas,* Ramón Otero Pedrayo.—*Arnica e vaselina.*—*Cousas de familia.*—*O Purgatorio,* Víctor Casas.—*Liberdade,* T. de A.—*O inferno no purgatorio* (versos), Avelino Rodríguez Elías.—*Probremas da cultura galega,* Manuel Gulín.—*Unha idea pr'o Seminario.*—*Alborada.*

EL OBRERO DE NAZARET, Ferrol.

ESTA revista, órgao do Círculo Católico d'Obreiros do Ferrol, agora no segundo ano da sua pubricazón, insere, antre moitos traballos d'intrés relixoso, apoloxético, profesional e económico, de vulgarizazón científica, ou recreativos, un *Refranero Gallego,* recollido, ordeado e comentado, avaliado c'un erudito prólogo, e con comparanzas feitas con refrás castelán, portugueses, etcétera, pol-o P. Gumersindo Placer López, Mercedario, do Convento de Poyo. É un dos bós traballos de folk-lore galego, que debemos agradecer ao seu ilustre autor, querido amigo noso. Non é que non houbera xa coleizós de refrás galegos, que é materia na que se ten traballado algo na nosa Terra, mais esta do P. Placer ten o mérito dos paralelos, a indicazón de procedenza e a interpretazón do senso de cada refrán. A orde é alfabética e cecais fora millor sistemática por materias, mais isto é labor que ven despois.

BOLETIN DE LA REAL ACADEMIA GALLEGA, Setembre, 1929.

SUMARIO: *El gran teólogo Fr. Tomás de Lemos (1550-1629)*, Juan Rodríguez Cabrero.—*Una nueva ara romana*, Angel del Castillo.—*Monografía histórica acerca del periodismo lucense*, Eugenio Carré Aldao.—*Las excavaciones de Santa Eulalia de Bóveda*, Manuel Vázquez Seijas.—*Sección Oficial.*—*Colección de Documentos históricos.*

Octubre, 1929.

SUMARIO: Notas arqueológicas: *Una ventanita prerrománica*, Angel del Castillo.—*Monografía histórica acerca del periodismo lucense*, Eugenio Carré Aldao.—*Puentedeume y su comarca (apuntes históricos)*, Antonio Couceiro Freijomil.—*Sección Oficial.*—*Colección de documentos históricos.*

Noviembre, 1929.

SUMARIO: *Un tesoro de monedas romanas en Montexo*, Federico Maciñeira.—*Monografía histórica acerca del periodismo lucense* Eugenio Carré Aldao.—*Puentedeume y su comarca (apuntes históricos)*, Antonio Couceiro Freijomil.—*Sección Oficial.*—*Noticias.*—*Colección de documentos históricos.*

GALICIA CLÍNICA, diciembre, 1929, Coruña.

SUMARIO: *Nuevos problemas biológicos*, Félix Herce.—*La cirugía en la tuberculosis pulmonar*, Dr. A. Gutiérrez-Moyano.—*La coloidogenía ante la hipersensibilidad asmática de origen adeno-hiliar*, Dr. J. Ramón de Castro.—*Ausencia del nervio músculocutáneo y suplencia por el nervio mediano*, Prof. Dr. A. Jorge Etcheverri.—*Reacción de Davis en el embarazo*, Dr. R. Goyanes Alvarez.—*Aparato digestivo, nutrición y secreciones internas*, J. Iruegas.—*Neuro-psiquiatría*, Dr. Pérez Hervada.—*Dermatología*, Doctor Sicilia.—*Libros escogidos.*—*Notas sueltas.*

PORTVCALE, Julho-Agosto, 1929.

SUMARIO: *Subsidios para o estudo das conseqüencias da analogía em portugués*, Rodrigo de Sá Nogueira.—*Inéditos e autógrafos*, Emanuel Ribeiro.—*As insculturas rupestres de Lenhelas (Caminha, Alto Minho)*, Abel Viana.—*Anotações de Martins Sarmento acêrca da Ponte do Pôrto (sobre o Cávado)*, Mario Cardoso.—*A igreja de San João Batista (Tomar)*, Carlos Ribeiro.—*Vasco Fernandes o «Grao Vasco»*, Maximiano Aragão.—*Varia: Francisco Luis Gomes*, Antonio Colaço.—*Os valores vocais na definição e acção do Adagio*, Jaime de Maghalães Lima.—*Augusto Santo*, Emanuel Ribeiro.—*La literatura yugoeslava de hoy*, R. Kaltafen.—*Parada agrícola do Minho*, Conde d'Aurora.—*Diccionarios novos*, Pedro Vitorino.—*In memoriam Wenceslau de Morais*, Claudio Basto.—*Bibliografía*, Kol d'Alvarenga, P. V. e C. B.—*Novidades.*—*Leilões de libros.*—*Res et Verba.*

Imp. NÓS - Linares Rivas, 50 - A CRUÑA

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA e FARMACIA

Pereira, 19 — OURENSE — Teléfono 28

A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que âs suas altas calidades meicifiás xunta toda a finura e prefume d'un xabón de tocador.

Contribuie ô perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitísmo.

1pta PASTILLA

JABÓN LA TOJA

ÚNICO EN EL MUNDO

O Xabrón da Toxa é o mellor. Honra á Galicia no mundo enteiro

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32 — SANTIAGO

San Andrés 50 — A CRUÑA,

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRABADO

Si quer qu-os seus fotograbados sexan o mais perfeito posibres, convenlle énvialos aos

Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Droguería e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan millor. Véndese en todol-os estab'ecimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macia e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y **D. Antonio M. de la Riva**

CIRUJANO — GINECÓLOGO

Establecimento dotado de todol-os elementos que exixen a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas da poboazón, moí cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Direitores ou o Médico interno